Deputación DA CORUÑA
www.dacoruna.gal
BOLETÍN OFICIAL DA PROVINCIA DA CORUÑA
D.L.: C-1-1958
BOP
BOLETÍN OFICIAL DE LA PROVINCIA DE A CORUÑA
XOVES, 5 DE NOVEMBRO DE 2026 | JUEVES, 5 DE NOVIEMBRE DE 2026 | BOP NÚMERO 212

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

MAÑÓN

Aprobación do padrón do Servizo de Axuda no Fogar do mes de agosto de 2026

Por resolución da Alcaldía de data 2 de novembro de 2026, adoptouse o acordo de aprobar o padrón de cobro do prezo público pola prestación do servizo do Servizo de Axuda no Fogar correspondente ao mes de agosto do ano 2026.

O referido padrón queda exposto ao público durante o prazo de quince días hábiles, contados dende o seguinte á publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia. A presente publicación servirá de notificación colectiva conforme ao establecido no artigo 102.3 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, Xeral Tributaria.

Contra o acordo mencionado, os interesados poderán interpoñer, ante a Alcaldía, o recurso de reposición, previo ao contencioso-administrativo do artigo 14.2 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido la Lei reguladora das Facendas Locais, nos termos previstos no referido artigo.

O período de pago en vía voluntaria remata o 2 de xaneiro de 2027. Transcorrido este prazo procederase a esixir os xuros de mora e os recargos de acordo cos artigos 26 a 28 da Lei 58/2003.

Mañón, 2 de novembro de 2026

O ALCALDE

Alfredo Dovale Pedreira

2026/7150